**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA QUINCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 15 de xullo de 2022. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Isabel Faraldo Calvo**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primeira convocatoria.

Desculpa a súa ausencia a señora concelleira **D.ª María Esther Dolores Fontán Prado.**

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

***SESIÓN EXTRAORDINARIA Y URGENTE DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA QUINCE DE JULIO DE DOS MIL VEINTIDÓS***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 15 de julio de 2022. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,** y con la asistencia de los ediles **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Isabel Faraldo Calvo**, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primera convocatoria.*

*Disculpa su ausencia la señora concejala **D.ª María Esther Dolores Fontán Prado.***

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

Ás once horas e sete minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

**I – PARTE RESOLUTIVA:**

**ASUNTO 1**

**121. Pronunciamento sobre a urxencia da sesión.**

**Intervencións**

**Presidencia**

Bo día a todos e a todas, benvidos a esta sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello da Coruña. Saudamos a todos os membros da Corporación, persoal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, xornalistas acreditados, así como aqueles que nos seguen a través do sinal do *streaming.*

Comezamos o Pleno co asunto número un da Parte Resolutiva, señor secretario.

Garden silencio, señores concelleiros, por favor.

**Señor Secretario**

Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión.

**Presidencia**

Ben, dado o asunto, faise necesario votar inicialmente a urxencia da sesión, polo tanto procedemos á votación.

**Votación do asunto número un**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número un

*A las once horas y siete minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

***I – PARTE RESOLUTIVA:***

***ASUNTO 1***

***121. Pronunciamiento sobre la urgencia de la sesión.***

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Buenos días a todos y a todas, bienvenidos a esta sesión extraordinaria y urgente del Pleno del Ayuntamiento de A Coruña. Saludamos a todos los miembros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, periodistas acreditados, así como a aquellos que nos siguen a través de la señal en directo.*

*Comenzamos el Pleno con el asunto número uno de la Parte Resolutiva, señor secretario.*

*Guarden silencio, señores concejales, por favor.*

***Señor Secretario***

*Pronunciamiento del Pleno sobre la urgencia de la sesión.*

***Presidencia***

*Bien, dado el asunto, se hace necesario votar inicialmente la urgencia de la sesión, por lo tanto procedemos a la votación.*

***Votación del asunto número uno***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número uno*

referenciado na orde do día, pronunciamento sobre a urxencia da sesión, producíndose o seguinte resultado:

*referenciado en el orden del día, pronunciamiento sobre la urgencia de la sesión, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (8 votos).*

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (8 abstencións).

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (8 abstenciones).*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).*

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

*Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).*

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

*Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Queda aprobada a urxencia por maioría absoluta do Pleno.

*Queda aprobada la urgencia por mayoría absoluta del Pleno.*

Pasamos xa ó asunto número dous da Área de Alcaldía, Cultura.

*Pasamos ya al asunto número dos del Área de Alcaldía, Cultura.*

**ALCALDÍA**

***ALCALDÍA***

**Cultura**

***Cultura***

**122. Expte. CI1/2022/312**
**Aprobación inicial do Regulamento orgánico que recolle as normas de constitución e funcionamento do Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña.**

***122. Expte. CI1/2022/312***
***Aprobación inicial del Reglamento orgánico que recoge las normas de constitución y funcionamiento del Consejo Municipal de la Cultura de la ciudad de A Coruña.***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Señor Secretario**

***Señor Secretario***

Aprobación inicial do Regulamento

*Aprobación inicial del Reglamento*

orgánico que recolle as normas de constitución e funcionamento do Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña.

Require maioría absoluta legal.

**Presidencia**

Ben, neste asunto terá a palabra, en primeiro lugar, o voceiro do Goberno para expoñer o expediente. A continuación dúas quendas de cinco máis tres para cada un dos Grupos.

Señor Lage, ten a palabra.

**Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todas e a todos.

Hoxe damos un paso máis a favor da nosa cultura e do tecido cultural da cidade traendo a Pleno a aprobación inicial do Regulamento do Consello Municipal da Cultura. Por primeira vez na historia da Coruña abriremos as portas ó noso sector cultural creando un instrumento, unha ferramenta no que poderemos poñer en común e consensuar a política cultural da cidade. En definitiva, estamos diante dun paso máis, dun impulso para o que se dá en chamar noutros ámbitos a colaboración público-privada. Parece que a colaboración público-privada solo fora dun tipo. Isto tamén é a colaboración público-privada, esta é a colaboración entre os diferentes actores sectoriais e a propia Administración.

Quero comezar agradecendo ó Grupo da Marea o seu apoio para a creación deste instrumento normativo que forma parte do acordo entre a Marea Atlántica e o Goberno municipal da Coruña, e o Partido Socialista, do 25 de febreiro de 2022 para o impulso e a aprobación do orzamento do

*orgánico que recoge las normas de constitución y funcionamiento del Consejo Municipal de la Cultura de la ciudad de A Coruña.*

*Requiere mayoría absoluta legal.*

***Presidencia***

*Bien, en este asunto tendrá la palabra, en primer lugar, el portavoz del Gobierno para exponer el expediente. A continuación dos turnos de cinco más tres para cada uno de los Grupos.*

*Señor Lage, tiene la palabra.*

***Señor Lage Tuñas***

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y a todos.*

*Hoy damos un paso más a favor de nuestra cultura y del tejido cultural de la ciudad trayendo a Pleno la aprobación inicial del Reglamento del Consejo Municipal de la Cultura. Por primera vez en la historia de A Coruña abriremos las puertas a nuestro sector cultural creando un instrumento, una herramienta en el que podremos poner en común y consensuar la política cultural de la ciudad. En definitiva, estamos ante de un paso más, de un impulso para lo que se da en llamar en otros ámbitos la colaboración público-privada. Parece que la colaboración público-privada solo fuera de un tipo. Esto también es la colaboración público-privada, esta es la colaboración entre los diferentes actores sectoriales y la propia Administración.*

*Quiero comenzar agradeciendo al Grupo de la Marea su apoyo para la creación de este instrumento normativo que forma parte del acuerdo entre la Marea Atlántica y el Gobierno municipal de A Coruña, y el Partido Socialista, de 25 de febrero de 2022 para el impulso y la*

ano 22. Seguimos dando cumprimento ós acordos e quero recordar que no mes de abril de 2022 foi a propia alcaldesa da nosa cidade, Inés Rey, e a voceira municipal da Marea, María García, as que mantiveron unha reunión informativa cunha representación diversa e plural do sector cultural da nosa cidade, ó cal lle trasladaron o borrador deste regulamento que hoxe traemos para a súa aprobación inicial. É dicir, falamos de escoitar, falamos de dialogar e falamos de ter en conta os afectados directamente, os actores que fornecen o noso sector cultural.

O Regulamento do Consello Municipal da Cultura que hoxe presentamos recolle en gran parte as achegas do propio sector que foron trasladadas ó propio Goberno municipal despois do acto de presentación do borrador que foi celebrado no Teatro Colón, como todas e todos recordarán.

O Consello Municipal da Cultura está pensado para darlle ás profesionais e ós profesionais da cultura un espazo de diálogo con toda a Corporación local, con voz e voto. Aí estaremos e estarán todos e todas. Terá un plenario amplo, con representación de profesionais e as institucións relacionadas coa cultura en toda a súa diversidade e con presencia dos Grupos políticos municipais, cunha presidencia que recaerá na alcaldesa e que contará cunha vicepresidencia escollida polo propio sector cultural.

Non se trata dunha ferramenta para substituír o Goberno municipal nin se trata dunha ferramenta para suplir as labores executivas dun goberno. Trátase dunha ferramenta de carácter consultivo e participativo, que nunca está de máis, que sempre pode facer aportacións e que, desde logo, tamén favorece, sen dúbida ningunha, que sexamos moito máis

*aprobación del presupuesto del año 22. Seguimos dando cumplimiento a los acuerdos y quiero recordar que en el mes de abril de 2022 fue la propia alcaldesa de nuestra ciudad, Inés Rey, y la portavoz municipal de la Marea, María García, las que mantuvieron una reunión informativa con una representación diversa y plural del sector cultural de nuestra ciudad, al cual le trasladaron el borrador de este reglamento que hoy traemos para su aprobación inicial. Es decir, hablamos de escuchar, hablamos de dialogar y hablamos de tener en cuenta a los afectados directamente, a los actores que abastecen nuestro sector cultural.*

*El Reglamento del Consejo Municipal de la Cultura que hoy presentamos recoge en gran parte las aportaciones del propio sector que fueron trasladadas al propio Gobierno municipal después del acto de presentación del borrador que fue celebrado en el Teatro Colón, como todas y todos recordarán.*

*El Consejo Municipal de la Cultura está pensado para dar a las profesionales y a los profesionales de la cultura un espacio de diálogo con toda la Corporación local, con voz y voto. Ahí estaremos y estarán todos y todas. Tendrá un plenario amplio, con representación de profesionales y las instituciones relacionadas con la cultura en toda su diversidad y con presencia de los Grupos políticos municipales, con una presidencia que recaerá en la alcaldesa y que contará con una vicepresidencia escogida por el propio sector cultural.*

*No se trata de una herramienta para sustituir al Gobierno municipal ni se trata de una herramienta para suplir las labores ejecutivas de un gobierno. Se trata de una herramienta de carácter consultivo y participativo, que nunca está de más, que siempre puede hacer aportaciones y que, desde luego, también favorece, sin duda alguna, que seamos mucho más*

inclusivos e dende a diversidade e a pluralidade se recollan as diferentes propostas do conxunto do sector cultural.

*inclusivos y desde la diversidad y la pluralidad se recojan las diferentes propuestas del conjunto del sector cultural.*

A cultura é sinónimo de riqueza e dinamización das cidades. Creo que todos coincidiremos en que sufriu o sector cultural un duro golpe no contexto da pandemia do coronavirus, e aínda así, durante o confinamento e as sucesivas vagas da COVID-19 creo que todos e todas fixemos un esforzo que eu quero aquí hoxe recoñecer ó conxunto da Corporación en nome da nosa alcaldesa porque fomos capaces de sacar adiante dous plans de recuperación económica e social onde a atención ó sector cultural pois tivo tamén o seu espazo, e polo tanto non se trata dun éxito do Goberno municipal ou dun éxito do sector cultural da Coruña, senón que se trata dun éxito colectivo do conxunto dos 27 concelleiros e concelleiras desta corporación e de tódolos Grupos municipais, que eu creo que fixemos o posible tamén por incardinar o sector cultural dentro das prioridades, nun momento de crise, nun momento complexo, nun momento de pandemia onde os factores económicos e sociais eran prioritarios, o seguen sendo e aínda que iso o compartiamos todos, tamén fomos capaces de abrir un espazo a ese sector cultural que seguramente foi dos máis castigados durante a pandemia.

*La cultura es sinónimo de riqueza y dinamización de las ciudades. Creo que todos coincidiremos en que sufrió el sector cultural un duro golpe en el contexto de la pandemia del coronavirus, y aun así, durante el confinamiento y las sucesivas olas de la COVID-19 creo que todos y todas hicimos un esfuerzo que yo quiero aquí hoy reconocer al conjunto de la Corporación en nombre de nuestra alcaldesa porque fuimos capaces de sacar adelante dos planes de recuperación económica y social donde la atención al sector cultural pues tuvo también su espacio, y por lo tanto no se trata de un éxito del Gobierno municipal o de un éxito del sector cultural de A Coruña, sino que se trata de un éxito colectivo del conjunto de los 27 concejales y concejalas de esta corporación y de todos los Grupos municipales, que yo creo que hicimos lo posible también por incardinar el sector cultural dentro de las prioridades, en un momento de crisis, en un momento complejo, en un momento de pandemia donde los factores económicos y sociales eran prioritarios, lo siguen siendo y aunque eso lo compartíamos todos, también fuimos capaces de abrir un espacio a ese sector cultural que seguramente fue de los más castigados durante la pandemia.*

Hoxe damos un paso máis. Ese paso creo que é difícil que non conte co respaldo do conxunto da Corporación. Pode haber posicións tácticas, pode haber situacións de regate corto, pode haber o debate político, que é lóxico que o haxa, é dicir, non todos pensamos o mesmo, non todos temos as mesmas ideas, pero creo que é unha oportunidade para mandarlle unha mensaxe ó conxunto do sector cultural entendendo que por riba das diferencias,

*Hoy damos un paso más. Ese paso creo que es difícil que no cuente con el respaldo del conjunto de la Corporación. Puede haber posiciones tácticas, puede haber situaciones de regate corto, puede haber el debate político, que es lógico que lo haya, es decir, no todos pensamos lo mismo, no todos tenemos las mismas ideas, pero creo que es una oportunidad para mandarle un mensaje al conjunto del sector cultural entendiendo que por*

si compartimos a necesidade da creación dese instrumento e desta ferramenta que é o Consello Municipal da Cultura, Consello Municipal da Cultura que por outra banda tamén formou parte dos acordos co Grupo Municipal do BNG, que hoxe non forma parte deste acordo, que ten manifestado as súas discrepancias e que se pode entender lexitimamente desde o Goberno —e tamén o quero dicir así—, pero a nosa valoración, máis alá das críticas que se fagan, sempre é unha valoración positiva e construtiva porque aquí non se trata de excluír a ninguén, se trata de que sumemos todas e todos.

*encima de las diferencias, sí compartimos la necesidad de la creación de ese instrumento y de esta herramienta que es el Consejo Municipal de la Cultura, Consejo Municipal de la Cultura que por otra parte también formó parte de los acuerdos con el Grupo Municipal del BNG, que hoy no forma parte de este acuerdo, que ha manifestado sus discrepancias y que se puede entender legítimamente desde el Gobierno —y también lo quiero decir así—, pero nuestra valoración, más allá de las críticas que se hagan, siempre es una valoración positiva y constructiva porque aquí no se trata de excluir a nadie, se trata de que sumemos todas y todos.*

Creo que é unha boa noticia, creo que é unha boa noticia o feito de que non haxa emendas a este regulamento, o cal di moito, di moito do propio regulamento e di moito dos propios Grupos que máis alá das críticas, pois actúan recollendo o espíritu maioritario do sector, que ten unha valoración razonable e positiva. Sempre pode quedar algo a mellorar, desde logo nós non estabamos pechados ás aportacións e achegas que se puideran producir e, en calquera caso, bueno, creo que estamos diante dun paso importante e nese sentido, pois de entrada xa darlle as grazas a todos os Grupos que dun xeito ou doutro faciliten a aprobación deste acordo ó que chegamos entre o Grupo da Marea e o Grupo do Goberno, o Partido Socialista.

*Creo que es una buena noticia, creo que es una buena noticia el hecho de que no haya enmiendas a este reglamento, lo cual dice mucho, dice mucho del propio reglamento y dice mucho de los propios Grupos que más allá de las críticas, pues actúan recogiendo el espíritu mayoritario del sector, que tiene una valoración razonable y positiva. Siempre puede quedar algo a mejorar, desde luego nosotros no estábamos cerrados a las aportaciones y contribuciones que se pudieran producir y, en cualquier caso, bueno, creo que estamos ante de un paso importante y en ese sentido, pues de entrada ya darle las gracias a todos los Grupos que de una forma o de otra faciliten la aprobación de este acuerdo al que llegamos entre el Grupo de la Marea y el Grupo del Gobierno, el Partido Socialista.*

Nada máis nesta primeira quenda e moitas grazas.

*Nada más en este primer turno y muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Lage.

*Muchas gracias, señor Lage.*

Iniciamos a quenda de debate. Comeza a concelleira non adscrita, señora Faraldo,

*Iniciamos el turno de debate. Comienza la concejala no adscrita, señora Faraldo,*

co primeiro turno de cinco minutos.

**Señora Faraldo Calvo**

Moitas grazas. Bo día, alcaldesa, concelleiros, concelleiras, persoal traballador do Concello, prensa e veciñanza que nos siga, que siga este pleno.

Antes de comezar a miña intervención quería facer un chamamento e un novo xesto de apoio á situación que se está a vivir nas bibliotecas. Se ben é certo que sabemos que o Concello está en reunións coa empresa LTM polo seu reiterado incumprimento, máis o é que as traballadoras necesitan certidumes e para elo nada mellor que o contacto continuo do Concello, onde sexan informadas de cada paso para evitar, ou cando menos paliar, medos, inquedanzas e angustias sobre a cual viven. É necesario actuar coa máxima celeridade e rigor para acabar con este pesadelo.

Tras esto, o primeiro sobre o que nos vemos obrigadas a contestar é sobre a necesidade dun pleno extraordinario. Non deixan estas cuestións nunca de sorprendernos porque aluden continuamente a unha urxencia que non parecía terse ata o de agora e a unha premura que non parece ser a mellor conselleira. Aprobar hoxe a arrancada do Consello de Cultura para non retomar o tema ata despois do verán, se finalmente se retoma. Non é o primeiro caso no que estos anuncios queda neso, nun anuncio. Esperemos non sexa a crónica dun mal nacemento, porque desde fai tres meses, tres meses despois da exposición das normas e a petición de suxestións no Teatro Colón, previa invitación as persoas interesadas, como recolle o informe do IMCE, onde non foi invitada a oposición, máis alá de Marea Atlántica que non actuaba nese acto como oposición, ben puido ser obxecto, digo, tras eses tres

*con el primer turno de cinco minutos.*

***Señora Faraldo Calvo***

*Muchas gracias. Buenos días, alcaldesa, concejales, concejalas, personal trabajador del Ayuntamiento, prensa y vecindario que nos siga, que siga este pleno.*

*Antes de comenzar mi intervención quería hacer un llamamiento y un nuevo gesto de apoyo a la situación que se está viviendo en las bibliotecas. Si bien es cierto que sabemos que el Ayuntamiento está en reuniones con la empresa LTM por su reiterado incumplimiento, más lo es que las trabajadoras necesitan certidumbres y para ello nada mejor que el contacto continuo del Ayuntamiento, donde sean informadas de cada paso para evitar, o cuando menos paliar, miedos, inquietudes y angustias sobre la cual viven. Es necesario actuar con la máxima celeridad y rigor para acabar con esta pesadilla.*

*Tras esto, lo primero sobre lo que nos vemos obligadas a contestar es sobre la necesidad de un pleno extraordinario. No dejan estas cuestiones nunca de sorprendernos porque aluden continuamente a una urgencia que no parecía tenerse hasta ahora y a una premura que no parece ser la mejor consejera. Aprobar hoy la arrancada del Consejo de Cultura para no retomar el tema hasta después del verano, si finalmente se retoma. No es el primer caso en el que estos anuncios quedan en eso, en un anuncio. Esperemos no sea la crónica de un mal nacimiento, porque desde hace tres meses, tres meses después de la exposición de las normas y la petición de sugerencias en el Teatro Colón, previa invitación las personas interesadas, como recoge el informe del IMCE, donde no fue invitada la oposición, más allá de Marea Atlántica que no actuaba en ese acto como oposición, bien pudo ser objeto, digo, tras*

meses, dun punto de calqueira dos plenos ordinarios posteriores. Pero non vai a ser este motivo de debate, senón soamente dunha reflexión para nós ineludible.

*esos tres meses, de un punto de cualquiera de los plenos ordinarios posteriores. Pero no va a ser este motivo de debate, sino solamente de una reflexión para nosotros ineludible.*

Non podemos por menos que aplaudir unha proposta, a do Consello de Cultura, que nos parece, ademais de ben intencionada, acaída e necesaria. Aínda que mergullando lixeramente, non podemos tampouco deixar de sinalar a súa tibieza ou alcance limitado. Vese que é unha proposta orixinada en dúas formas distintas de pensar. Unha delas sospeitamos, sen gran convencemento, como amosa o seu día a día no Goberno, sobre todo no que se refire á participación. Está o precedente do Consello da Memoria, inactivo e precisamente desactivado nun momento transcendental para as políticas de memoria histórica e democrática estatais.

*No podemos por menos que aplaudir una propuesta, la del Consejo de Cultura, que nos parece, además de bien intencionada, apropiada y necesaria. Aunque profundizando ligeramente, no podemos tampoco dejar de señalar su tibieza o alcance limitado. Se ve que es una propuesta originada en dos formas distintas de pensar. Una de ellas sospechamos, sin gran convencimiento, como muestra su día a día en el Gobierno, sobre todo en lo que se refiere a la participación. Está el precedente del Consejo de la Memoria, inactivo y precisamente desactivado en un momento trascendental para las políticas de memoria histórica y democrática estatales.*

Por outra banda, o carácter consultivo do organismo podería ir máis lonxe, ter máis audacia, ou que houbese, por exemplo, programación consensuada ou directamente encargada ó Consello, o que suscitaría ademais un maior achegamento dos axentes culturais. Cónstannos que por agora apuntouse pouca xente. Suxerir que se podería facer unha proba piloto nalgún espazo tipo, por exemplo, o Ágora. Deixar todo ó terreo da proposta ou a suxerencia vai facer que non se chegue á maioría de idade e a acción real dos representantes do sector cultural, un dos máis precarios e sufridores tanto pola pandemia como pola pobre acción do Goberno municipal neste anos.

*Por otra parte, el carácter consultivo del organismo podría ir más lejos, tener más audacia, o que hubiera, por ejemplo, programación consensuada o directamente encargada al Consejo, lo que suscitaría además un mayor acercamiento de los agentes culturales. Nos constan que por ahora se apuntó poca gente. Sugerir que se podría hacer una prueba piloto en algún espacio tipo, por ejemplo, el Ágora. Dejar todo al terreno de la propuesta o la sugerencia va a hacer que no se llegue a la mayoría de edad y la acción real de los representantes del sector cultural, uno de los más precarios y sufridores tanto por la pandemia como por la pobre acción del Gobierno municipal en este años.*

Entendemos ademais que o texto deberá reforzar, debería reforzar alianza con outros organismos e institucións da cidade e servir para coordinarse mellor con eles nos distintos ámbitos de actuación. Na

*Entendemos además que el texto deberá reforzar, debería reforzar alianza con otros organismos e instituciones de la ciudad y servir para coordinarse mejor con ellos en los distintos ámbitos de*

cidade non hai coordinación nin tan siquera programación, polo que sería necesaria unha atención propia nese apartado ó noso ver.

*actuación. En la ciudad no hay coordinación ni tan siquiera programación, por lo que sería necesaria una atención propia en ese apartado a nuestro ver.*

Deixo para a segunda intervención as conclusións e o sentido do meu voto.

*Dejo para la segunda intervención las conclusiones y el sentido de mi voto.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Bo día ós membros da Corporación, ó funcionariado que nos acompaña, ó persoal dos medios de comunicación e á cidadanía que está a seguir esta sesión.

*Buenos día a los miembros de la Corporación, al funcionariado que nos acompaña, al personal de los medios de comunicación y a la ciudadanía que está siguiendo esta sesión.*

Como primeira consideración, desde o BNG saudamos a creación do Consello Municipal da Cultura, un espazo moi importante que ten que ser de diálogo entre a Administración pública e os axentes sociais, mais tamén de encontro entre os propios axentes sociais, unha ferramenta que pode axudar a xerar moitas sinerxías no eido cultural da nosa cidade. Mais chegamos a este punto, a este pleno, 21 meses despois de que se aprobase neste mesmo salón de plenos unha moción presentada polo BNG e dialogada co sector cultural da cidade na que entre outras medidas se instaba o Goberno local a crear o Consello Municipal da Cultura. Cómpre lembrar que aquela iniciativa ademais foi aprobada por unanimidade. 21 meses despois e traen a Comisión e a Pleno de maneira extraordinaria e urxente. Por certo, á Comisión de Facenda e non á de Cultura, e non á de Cultura, e non sei se

*Como primera consideración, desde el BNG saludamos la creación del Consejo Municipal de la Cultura, un espacio muy importante que tiene que ser de diálogo entre la Administración pública y los agentes sociales, pero también de encuentro entre los propios agentes sociales, una herramienta que puede ayudar a generar muchas sinergias en el campo cultural de nuestra ciudad. Pero llegamos la este punto, a este pleno, 21 meses después de que se aprobara en este mismo salón de plenos una moción presentada por el BNG y dialogada con el sector cultural de la ciudad en la que entre otras medidas se instaba al Gobierno local a crear el Consejo Municipal de la Cultura. Hace falta recordar que aquella iniciativa además fue aprobada por unanimidad. 21 meses después y traen a Comisión y a Pleno de manera extraordinaria y urgente. Por cierto, a la Comisión de Hacienda y no a la de*

ten algo que ver que a presida o BNG. Até este extremo chega a exclusión do BNG no proceso de impulso, elaboración e trámite deste regulamento que lle foi presentado ás entidades do sector —como ben recordaba a compañeira Isabel Faraldo— case catro meses despois de que se lle presentase ó sector cultural, nun acto no que Marea Atlántica e PSOE, non se sabe ben en calidade exactamente cada quen, onde non fomos nin convidados os Grupos da oposición. E tráeno a Pleno para unha aprobación inicial a mediados do mes de xullo para que o trámite de exposición pública cadre no momento de máis traballo do tecido cultural de base e profesional e nun momento en que unha parte importante da cidadanía non está precisamente moi activa, senón en momentos de descanso e desconexión.

Isto canto o proceso de tramitación, pero, señor Lage, non quede con estes argumentos, que adoita ademais quedar atoado nesta parte para dicir que non falamos do asunto, ou que só falamos do trámite ou das formas. Nós cremos tamén que se poden facer achegas e mellorar este regulamento.

O Regulamento que se nos trae hoxe aquí, ó noso xuízo é insuficiente. Se o espazo ten que ser de diálogo e de encontro, entendemos que a periodicidade anual queda curta. Unha vez ó ano a reunión do pleno, para nós é pouco. Nós cremos que cando menos debía reunirse dúas veces ó ano, e sobre todo, que entre as súas funcións ten que haber algo máis do que se recolle no propio regulamento, porque ademais este regulamento é moi semellante a outros regulamentos doutros consellos, non recolle as particularidades e a complexidade que ten o propio sector cultural. Nós cremos que este regulamento ten que recoller que o pleno teña a función de informar e de verter

*Cultura, y no a la de Cultura, y no sé si tiene algo que ver que la presida el BNG. Hasta este extremo llega la exclusión del BNG en el proceso de impulso, elaboración y trámite de este reglamento que le fue presentado a las entidades del sector —como bien recordaba la compañera Isabel Faraldo— casi cuatro meses después de que se le presentara al sector cultural, en un acto en el que Marea Atlántica y PSOE, no se sabe bien en calidad exactamente cada quien, donde no fuimos ni invitados los Grupos de la oposición. Y lo traen a Pleno para una aprobación inicial a mediados del mes de julio para que el trámite de exposición pública cuadre en el momento de más trabajo del tejido cultural de base y profesional y en un momento en que una parte importante de la ciudadanía no está precisamente muy activa, sino en momentos de descanso y desconexión.*

*Esto cuanto el proceso de tramitación, pero, señor Lage, no se quede con estos argumentos, que suele además quedarse atascado en esta parte para decir que no hablamos del asunto, o que solo hablamos del trámite o de las formas. Nosotros creemos también que se pueden hacer aportaciones y mejorar este reglamento.*

*El Reglamento que se nos trae hoy aquí, a nuestro juicio es insuficiente. Si el espacio tiene que ser de diálogo y de encuentro, entendemos que la periodicidad anual se queda corta. Una vez al año la reunión del pleno, para nosotros es poco. Nosotros creemos que cuando menos debía reunirse dos veces al año, y sobre todo, que entre sus funciones tiene que haber algo más de lo que se recoge en el propio reglamento, porque además este reglamento es muy semejante a otros reglamentos de otros consejos, no recoge las particularidades y la complejidad que tiene el propio sector cultural. Nosotros creemos que este reglamento tiene que recoger que el pleno tenga la función de informar y de verter*

unha opinión sobre a programación cultural e a actividade cultural que teña o propio Concello da Coruña, non?, que este pleno do Consello Municipal da Cultura poida avaliar e facer propostas de cara ós anos seguintes, ou ós semestres seguintes. Por iso tamén, como dicía, creo que este consello municipal da cultura, tal e como está configurado no Regulamento, non recolle a complexidade e a diversidade do propio sector. Cremos que faltan integrantes neste pleno do Consello da Cultura e que ademais cremos que teñen que estar recollidos no propio Regulamento con nome propio, nunca mellor dito, non?

*una opinión sobre la programación cultural y la actividad cultural que tenga el propio Ayuntamiento de A Coruña, ¿no?, que este pleno del Consejo Municipal de la Cultura pueda evaluar y hacer propuestas de cara a los años siguientes, o a los semestres siguientes. Por eso también, como decía, creo que este consejo municipal de la cultura, tal y como está configurado en el Reglamento, no recoge la complejidad y la diversidad del propio sector. Creemos que faltan integrantes en este pleno del Consejo de la Cultura y que además creemos que tienen que estar recogidos en el propio Reglamento con nombre propio, nunca mejor dicho, ¿no?*

Nós consideramos que falta como membros natos no propio pleno do Consello o Instituto José Cornide, do mesmo xeito que está o IMCE; que falta a Fundación Luís Seoane, do mesmo xeito que está o IMCE, por unha dependencia do propio Concello da Coruña, pero tamén cremos que debe de estar representado no Consello parte do organigrama municipal para escoitar e atender as inquedanzas dos sectores culturais da cidade. Non abondan só —que é necesario tamén—, pero non abondan só con que haxa representantes políticos, que tamén, que teñen que estar e tamén teñen que escoitar, e tamén teñen que atender as inquedanzas, pero tamén cremos que é útil que participen deste órgano as persoas responsábeis do Servizo municipal de Bibliotecas, do Servizo municipal dos Museos Científicos, das Casas Museo, do Arquivo Histórico. Cremos que ten que haber unha persoa da Banda Municipal de Música, unha persoa en nome da Orquestra Sinfónica de Galiza e unha persoa responsable da Escola Municipal de Música. Ben sei que está recollido no pleno que estea o xerente ou a persoa responsábel do Consorcio para a Promoción da Música, pero nós cremos que o Consorcio para a Promoción da Música xestiona dúas entidades que son

*Nosotros consideramos que falta como miembros natos en el propio pleno del Consejo el Instituto José Cornide, al igual que está el IMCE; que falta la Fundación Luis Seoane, al igual que está el IMCE, por una dependencia del propio Ayuntamiento de A Coruña, pero también creemos que debe de estar representado en el Consejo parte del organigrama municipal para escuchar y atender las inquietudes de los sectores culturales de la ciudad. No seson suficiente solo —que es necesario también—, pero no es suficiente solo con que haya representantes políticos, que también, que tienen que estar y también tienen que escuchar, y también tienen que atender las inquietudes, pero también creemos que es útil que participen en este órgano las personas responsables del Servicio municipal de Bibliotecas, del Servicio municipal de los Museos Científicos, de las Casas Museo, del Archivo Histórico. Creemos que tiene que haber una persona de la Banda Municipal de Música, una persona en nombre de la Orquesta Sinfónica de Galicia y una persona responsable de la Escuela Municipal de Música. Bien sé que está recogido en el pleno que esté el gerente o la persona responsable del Consorcio para la*

completamente distintas, que ten realidades completamente distintas, que son a Orquestra Sinfónica e a Escola Municipal.

*Promoción de la Música, pero nosotros creemos que el Consorcio para la Promoción de la Música gestiona dos entidades que son completamente distintas, que tiene realidades completamente distintas, que son la Orquesta Sinfónica y la Escuela Municipal.*

Falta tamén no pleno do Consello, no Consello Municipal, institucións con sede na cidade da Coruña que teñen moito que dicir: a Real Academia Galega, a Escola Superior de Arte e Deseño Pablo Picasso, o Conservatorio de Música, o Conservatorio de Danza ou o Arquivo do Reino de Galiza. **(Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención).** Remato, señora alcaldesa.

*Falta también en el pleno del Consejo, en el Consejo Municipal, instituciones con sede en la ciudad de A Coruña que tienen mucho que decir: la Real Academia Gallega, la Escuela Superior de Arte y Diseño Pablo Picasso, el Conservatorio de Música, el Conservatorio de Danza o el Archivo del Reino de Galicia.* ***(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención).*** *Finalizo, señora alcaldesa.*

Sabemos que o Regulamento recolle que estará presente un representante da Deputación, un representante da Xunta de Galiza. Parécenos ben, pero tamén teñen que estar persoas en representación de cada un dos centros porque teñen, como dicía, realidades distintas e achegan perspectivas distintas, e poden xerar unhas sinerxías completamente distintas con según que parte do tecido cultural.

*Sabemos que el Reglamento recoge que estará presente un representante de la Diputación, un representante de la Xunta de Galicia. Nos parece bien, pero también tienen que estar personas en representación de cada uno de los centros porque tienen, como decía, realidades distintas y aportan perspectivas distintas, y pueden generar unas sinergias completamente distintas con según qué parte del tejido cultural.*

Estas poderían ser algunhas das primeiras achegas ó documento que se somete a aprobación inicial, sabendo que o Consello Municipal da Cultura non ocupa todo o oco existente en política cultural.

*Estas podrían ser algunas de las primeras aportaciones al documento que se somete a aprobación inicial, sabiendo que el Consejo Municipal de la Cultura no ocupa todo el hueco existente en política cultural.*

Anuncio xa nesta parte da miña intervención a nosa abstención nesta aprobación inicial porque é unha aprobación inicial e presentaremos propostas por escrito no período de exposición pública, porque cremos que ademais teñen que ser dialogadas. Se o fixésemos vía emenda habería moi pouco tempo para falar e para negociar a

*Anuncio ya en esta parte de mi intervención nuestra abstención en esta aprobación inicial porque es una aprobación inicial y presentaremos propuestas por escrito en el período de exposición pública, porque creemos que además tienen que ser dialogadas. Si lo hiciéramos vía enmienda habría muy poco tiempo para hablar y para negociar la*

inclusión destas propostas **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**). Con todo o espírito construtivo ímolas facer por escrito.

Nada máis.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señora Veira, grazas ó BNG.

Turno da Marea Atlántica, señor Martínez.

**<u>Señor Martínez Durán</u>**

Si, grazas, alcaldesa. Moi bo día a todos e a todas, concelleiros e concelleiras da Corporación, persoal municipal, medios de comunicación, veciños e veciñas que nos seguen a través do *streaming*.

Dous saúdos antes de comezar a... de entrar no debate do Regulamento do Consello Municipal da Cultura, o primeiro para os traballadores e as traballadoras de Repsol que se están a manifestar e que coa súa protesta non só evidencian unha situación inxusta que padecen eles e elas, senón que tamén están a poñer de manifesto un conflito que nos atravesa... que atravesa o conxunto da sociedade, que ten que ver co reparto desigual da inflación. Na crise enerxética hai quen o leva quentiño para casa e quen non ve nin sequera compensado o seu salario, así que todo o noso apoio ós traballadores e ás traballadoras de Repsol.

En segundo lugar, para o persoal das bibliotecas municipais. Hoxe é o día 12 despois do primeiro de folga do persoal. Xa coñecemos aquí todos e todas cal é o conflito. Sirva isto para mandarlle un saúdo, estaban hoxe á porta do Concello, teñen unha xuntanza co Goberno

*inclusión de estas propuestas* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)****. Con todo el espíritu constructivo las vamos a hacer por escrito.*

*Nada más.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señora Veira, gracias al BNG.*

*Turno de la Marea Atlántica, señor Martínez.*

***<u>Señor Martínez Durán</u>***

*Sí, gracias, alcaldesa. Muy buenos días a todos y a todas, concejales y concejalas de la Corporación, personal municipal, medios de comunicación, vecinos y vecinas que nos siguen en línea.*

*Dos saludos antes de comenzar a... de entrar en el debate del Reglamento del Consejo Municipal de la Cultura, el primero para los trabajadores y las trabajadoras de Repsol que se están manifestando y que con su protesta no solo evidencian una situación injusta que padecen ellos y ellas, sino que también están poniendo de manifiesto un conflicto que nos atraviesa... que atraviesa el conjunto de la sociedad, que tiene que ver con el reparto desigual de la inflación. En la crisis energética hay quien se lo lleva calentito para casa y quien no ve ni siquiera compensado su salario, así que todo nuestro apoyo a los trabajadores y a las trabajadoras de Repsol.*

*En segundo lugar, para el personal de las bibliotecas municipales. Hoy es el día 12 después del primero de huelga del personal. Ya conocemos aquí todos y todas cuál es el conflicto. Sirva esto para mandarle un saludo, estaban hoy a la puerta del Ayuntamiento, tienen una*

municipal. Sirva tamén para reiterarlles o noso apoio e tamén para pregarlle ó Goberno municipal. Sei que este non é o asunto de debate hoxe, non está na orde do día, pero toda vez que a Comisión de Cultura non cumpre a súa función, non cumpriu a súa función en todo o mandato, non hai ningún representante da Concellería de Cultura dende que a Concellería de Cultura non ten concelleiro ou concelleira ó cargo, pois se cadra, xa que estamos, pois podía... Cónstame que se están explorando algunhas vías de solución para o máis urxente, para o máis elemental, que é o cobro da paga extraordinaria que se lles adebeda ás traballadoras e ós traballadores. Se cadra poden aproveitar este pleno para darnos información sobre o punto no que se atopa esa xestión dunha solución para o conflito.

Indo xa ó que nos ocupa, o Consello Municipal da Cultura, o certo é que non foi sen tempo. A nós nos tería gustado que este debate se producise antes, evidentemente. Esta iniciativa de creación dun consello sectorial, dun órgano de participación para a cultura da nosa cidade, foi obxecto de debate en varias ocasións a iniciativa de diferentes Grupos e do propio tecido organizativo do sector cultural ó longo do mandato e formou parte do acordo a súa creación, formou parte do acordo orzamentario entre o Goberno municipal, o Partido Socialista e o Grupo Municipal da Marea Atlántica, para disipar as dúbidas, en calidade de forza decisiva na gobernabilidade neste mandato, somos os que sumamos maioría absoluta co Goberno. Non sei, de verdade, se é que non botaron as contas ou é que teñen algún interese en pechar os ollos moi forte para non velo. E é certo que este procedemento arrinca no mes de abril cun encontro público no Teatro Colón, pois con todas aquelas persoas e entidades que... ás que fomos quen de chegar nos convites e que quixeron asistir. Non foi

*reunión con el Gobierno municipal. Sirva también para reiterarles nuestro apoyo y también para rogarle al Gobierno municipal. Sé que este no es el asunto de debate hoy, no está en el orden del día, pero toda vez que la Comisión de Cultura no cumple su función, no cumplió su función en todo el mandato, no hay ningún representante de la Concejalía de Cultura desde que la Concejalía de Cultura no tiene concejal o concejala al cargo, pues a lo mejor, ya que estamos, pues podía... Me consta que se están explorando algunas vías de solución para lo más urgente, para lo más elemental, que es el cobro de la paga extraordinaria que se les adeuda a las trabajadoras y a los trabajadores. A lo mejor pueden aprovechar este pleno para darnos información sobre el punto en el que se encuentra esa gestión de una solución para el conflicto.*

*Yendo ya a lo que nos ocupa, el Consejo Municipal de la Cultura, lo cierto es que no fue sin tiempo. A nosotros nos habría gustado que este debate se produjera antes, evidentemente. Esta iniciativa de creación de un consejo sectorial, de un órgano de participación para la cultura de nuestra ciudad, fue objeto de debate en varias ocasiones a iniciativa de diferentes Grupos y del propio tejido organizativo del sector cultural a lo largo del mandato y formó parte del acuerdo su creación, formó parte del acuerdo presupuestario entre el Gobierno municipal, el Partido Socialista y el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, para disipar las dudas, en calidad de fuerza decisiva en la gobernabilidad en este mandato, somos los que sumamos mayoría absoluta con el Gobierno. No sé, de verdad, si es que no echaron las cuentas o es que tienen algún interés en cerrar los ojos muy fuerte para no verlo. Y es cierto que este procedimiento arranca en el mes de abril con un encuentro público en el Teatro Colón, pues con todas aquellas personas y entidades que... a las que fuimos capaces*

sen tempo, pero por fin estamos aquí e nos quedamos coa boa nova de que hoxe desbloqueamos este paso na constitución do Consello Municipal, facémolo ademais —explicabámolo no último Pleno ordinario— xunto con outras tres medidas, unha iniciativa do Goberno que era un modificativo de crédito para a incorporación de remanentes no IMCE e as outras dúas, que estaban pactadas tamén e que levaban tempo sen acabar de arrincar, como son unha nova convocatoria de axudas a creadores e creadoras e un novo programa de residencias artísticas.

*de llegar en las invitaciones y que quisieron asistir. No fue sin tiempo, pero por fin estamos aquí y nos quedamos con la buena noticia de que hoy desbloqueamos este paso en la constitución del Consejo Municipal, lo hacemos además —lo explicábamos en el último Pleno ordinario— junto con otras tres medidas, una iniciativa del Gobierno que era un modificativo de crédito para la incorporación de remanentes en el IMCE y las otras dos, que estaban pactadas también y que llevaban tiempo sin acabar de arrancar, como son una nueva convocatoria de ayudas a creadores y creadoras y un nuevo programa de residencias artísticas.*

Boa noticia. Hoxe, en fin, imos ver aquí unha certa cerimonia do carimbo, *a ver a quen se lle ocorreu primeiro ou quen o dixo máis alto.* Non imos participar nesa festa. A creación dun consello municipal da cultura é unha demanda do sector e en todo caso os Grupos municipais que traemos esta iniciativa ó Pleno o que facemos coa mellor das intencións e o mellor que puidemos é articulala e darlle forma, darlle forma, darlle un regulamento, darlle... contribuír a que se poña en marcha, pero non é unha proposta orixinal. É unha demanda do sector que quere, con toda a razón do mundo e felizmente, un foro no que participar, no que debater, no que trasladar tamén, tamén críticas, pero fundamentalmente no que formar parte do deseño das políticas culturais nesta cidade. Certo é que no caso da Marea Atlántica é unha iniciativa coherente coa nosa propia traxectoria, cremos na democracia complexa, non hai unha única ferramenta de participación que resolva a demanda ou a necesidade de incorporar a sociedade civil, organizada ou non, á xestión dos asuntos comúns. Creo que a nosa, insisto, a nosa traxectoria de goberno avala esta idea. Creamos varios consellos sectoriais, o de Saúde, o de Inclusión, o de Memoria Democrática,

Hay que predicar con el ejemplo, no se puede predicar participación y después dejar a los Grupos de la oposición en algo, que una declaración institucional el 14 de enero de 2021, la cultura, hablamos de la cultura, y dibujamos un marco de necesidades urgentes para el sector cultural, y adquirimos todos unos compromisos, pues si tenemos ese escenario no tiene ningún sentido excluir a los Grupos de la oposición porque creo que con la participación de la oposición en este ámbito de la creación de este consejo, esto ya estaría creado hace como mínimo un año, como mínimo un año, y el sector estaría realmente ya contento con una herramienta de participación en la que podría tener un interlocutor o un espacio donde transmitir sus necesidades, en un sector realmente maltratado por la pandemia, con miles de trabajadores que lo han pasado muy mal y que este ayuntamiento no ha tenido ni la capacidad para escucharles, y menos todavía para dar soluciones a los muchos problemas que han tenido.

Nosotros sí vamos a aportar algunas alegaciones al texto. Creo que el texto no es perfecto, que se puede mejorar, que es sensiblemente mejorable, que hay

*reunións que se poden mellorar, que tampouco pasa nada porque se mellore este documento, e creo que sería moi conveniente que dunha vez por todas este concello tomásese en serio ao sector cultural porque moito me temo que isto sexa un anuncio máis como tantos outros.*

*Acórdanse? operador enerxético, da man da Marea: nada de nada; proxecto de lei da área metropolitana, en outubro de 2021: nada sabemos; plan de vivendas: nada sabemos; escolas infantís gratuítas oito horas: nada sabemos; baixar impostos: cada vez cobramos máis; Consello Municipal da Cultura, pois este é un paso máis para constituílo. Podiámolo facer hai dous anos, pero vostedes empeñáronse en traelo tarde, mal e a rastro hoxe. Levamos 7 anos de fotos co PSOE e a Marea, coa Marea e PSOE, e A Coruña e a cidade paralizada en moitos dos seus ámbitos e isto, a verdade, é que non hai quen o poida aguantar moito máis.*

*Nada máis e moitas grazas.*

**Presidencia**

Grazas señor Coira, grazas ao Partido Popular.

Señor Lage, pecha o debate, tres minutos.

**Señor Lage Tuñas**

Grazas señora alcaldesa.

Señor Coira, a verdade é que botaba en falta que me metera aí ese latiguillo final, se non a verdade é que non honraría á súa voceira. Xa me parecería a min que tal, sete anos.. Téñeno que dicir de corrido todo, todo corrido así... Ten que seguir practicando, é aquelo de “progresa adecuadamente”. Pois, en fin, co ben que íamos, señor Coira. O que pasa é que agora debemos de estar... pasamos de

situaciones de participación, de convocatorias de reuniones que se pueden mejorar, que tampoco pasa nada porque se mejore este documento, y creo que sería muy conveniente que de una vez por todas este ayuntamiento se tomara en serio al sector cultural porque mucho me temo que esto sea un anuncio más como tantos otros.

¿Se acuerdan? operador energético, de la mano de la Marea: nada de nada; proyecto de ley del área metropolitana, en octubre de 2021: nada sabemos; plan de viviendas: nada sabemos; escuelas infantiles gratuitas ocho horas: nada sabemos; bajar impuestos: cada vez cobramos más; Consejo Municipal de la Cultura, pues este es un paso más para constituirlo. Lo podíamos haber hecho hace dos años, pero ustedes se empeñaron en traerlo tarde, mal y a rastras hoy. Llevamos 7 años de fotos con el PSOE y la Marea, con la Marea y PSOE, y La Coruña y la ciudad paralizada en muchos de sus ámbitos y esto, la verdad, es que no hay quien lo pueda aguantar mucho más.

Nada más y muchas gracias.

***Presidencia***

*Gracias señor Coira, gracias al Partido Popular.*

*Señor Lage, cierra el debate, tres minutos.*

***Señor Lage Tuñas***

*Gracias señora alcaldesa.*

*Señor Coira, la verdad es que echaba en falta que me metiera ahí ese latiguillo final, si no la verdad es que no honraría a su portavoz. Ya me parecería a mí que tal, siete años.. Lo tienen que decir de carrerilla todo, todo corrido así... Tiene que seguir practicando, es aquello de “progresa adecuadamente”. Pues, en fin, con lo bien que íbamos, señor Coira. Lo*

Operación Triunfo que xa se resolveu, agora debe de ser en Go Talent, *estamos na busca de talentos para o 2023.* Vostede faga méritos, diga todo o que tal. Iso si, a vostede parécelle ben o Consello Municipal da Cultura, ao Partido Popular tamén lle parece ben o Consello Municipal da Cultura, non? Son uns expoñentes claros ademais dos consellos de participación, destaca ademais o Partido Popular por iso, é das cousas nas que máis destaca. Ten una pena o asunto, un pequeniño pero, gobernaron catro anos e agora vostede dice que en sete anos houbo moitas fotos, e aquelo de *ollo ao dato*, pois o dato é moi claro: hai unha alcaldesa e un goberno socialista e o Consello créase agora, *todo o demais: tertulianos, comentarios, o que tería que terse feito, o que non se fixo,* pero triste realidade, señor Coira, tiveron oportunidade de facelo e non o fixeron, e en todo este tempo tampouco se fixo, faise agora. Saudémolo positivamente.

Participación? Pero se van a formar parte do Consello Municipal da Cultura. Que maior participación que que participen todos os Grupos? Non é unha relación entre o Goberno Municipal e o sector cultural, non, sen exclusión de ningún tipo, tendo voz e voto todos, sendo capaces de pensar colectivamente. Seguro que está de acordo.

Eu dicíalle antes que entendía que todos tiveran que facer un papel sendo Grupos da oposición. Ás veces parécelles que aportan menos se non fan crítica, crítica desta, así de: *ETA, os independentistas, as fotos, a Marea, o Bloque, o bipartito,* todo iso que dicen así de corrido, parécelles que ao mellor puntúalles pouco. Pois eu vou dicirlle unha cousa, señor Coira: puntúa máis a posición que ten vostede habitualmente, construtiva, sumando, facendo aportacións. E ademais sabe perfectamente que recoñecemos a súa

*que pasa es que ahora debemos de estar... pasamos de Operación Triunfo que ya se resolvió, ahora debe de ser en Go Talent, estamos en la busca de talentos para el 2023. Usted haga méritos, diga todo lo que tal. Eso sí, a usted le parece bien el Consejo Municipal de la Cultura, al Partido Popular también le parece bien el Consejo Municipal de la Cultura, ¿no? Son unos exponentes claros además de los consejos de participación, destaca además el Partido Popular por eso, es de las cosas en las que más destaca. Tiene una pena el asunto, un pequeñito pero, gobernaron cuatro años y ahora usted dice que en siete años hubo muchas fotos, y aquello de* ojo al dato, *pues el dato es muy claro: hay una alcaldesa y un gobierno socialista y el Consejo se crea ahora,* todo lo demás: tertulianos, comentarios, lo que tendría que haberse hecho, lo que no se hizo, *pero triste realidad, señor Coira, tuvieron oportunidad de hacerlo y no lo hicieron, y en todo este tiempo tampoco se hizo, se hace ahora. Saludémoslo positivamente.*

*¿Participación? Pero si van a formar parte del Consejo Municipal de la Cultura ¿Qué mayor participación que que participen todos los Grupos? No es una relación entre el Gobierno Municipal y el sector cultural, no, sin exclusión de ningún tipo, teniendo voz y voto todos, siendo capaces de pensar colectivamente. Seguro que está de acuerdo.*

*Yo le decía antes que entendía que todos tuvieran que hacer un papel siendo Grupos de la oposición. A veces les parece que aportan menos si no hacen crítica, crítica de esta, así de:* ETA, los independentistas, las fotos, la Marea, el Bloque, el bipartito, *todo eso que dicen así de carrerilla, les parece que a lo mejor les puntúa poco. Pues yo le voy a decir una cosa, señor Coira: puntúa más la posición que tiene usted habitualmente, constructiva, sumando, haciendo aportaciones. Y además sabe*

posición en termos globais de facer achegas, é moito máis saudable.

O resto, bueno, pois en fin, entendo que están nun período transitorio, e bueno, pois hai que facer méritos, pero xa lle digo que fai moitos méritos, moitos méritos, se fai achegas. A nosa posición é: se hai propostas que melloren este traballo, escoitarémolas.

Por certo, o Consello Municipal da Cultura, que nacerá no mandato de Inés Rey, froito dun acordo ao que me referín xa ao comezo, froito de acordo co Grupo da Marea e recollendo as achegas do conxunto do sector cultural, non é nin máis nin menos que un paso máis, un paso máis. Eu sei que vostedes o comparten, eu sei que vostedes o comparten, que lles gustaría protagonizalo, seguramente, pero non lles tocou. Pero tamén desde a oposición se pode facer cidade e se pode ser construtivos. Eu apelo a que si **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —remato— a que sigan nesa liña. Ser construtivos sempre suma e para mostra un botón: hoxe comeza un festival como Morriña Fest, do cal todos nos podemos sentir orgullosos, froito da colaboración institucional. Que mellor que cooperar pensando no interese xeral da cidade. Aí é onde nos debemos atopar todos xuntos, non digo no festival, que cada un fará o que queira, senón que nos debemos atopar traballando conxuntamente pola cidade.

Nada máis e moitas grazas.

**<u>Presidencia</u>**

Grazas señor Lage.

*perfectamente que reconocemos su posición en términos globales de hacer aportaciones, es mucho más saludable.*

*El resto, bueno, pues en fin, entiendo que están en un período transitorio, y bueno, pues hay que hacer méritos, pero ya le digo que hace muchos méritos, muchos méritos, si hace aportaciones. Nuestra posición es: si hay propuestas que mejoren este trabajo, las escucharemos.*

*Por cierto, el Consejo Municipal de la Cultura, que nacerá en el mandato de Inés Rey, fruto de un acuerdo a lo que me referí ya al inicio, fruto de acuerdo con el Grupo de la Marea y recogiendo las aportaciones del conjunto del sector cultural, no es nada más y nada menos que un paso más, un paso más. Yo sé que ustedes lo comparten, yo sé que ustedes lo comparten, que les gustaría protagonizarlo, seguramente, pero no les tocó. Pero también desde la oposición se puede hacer ciudad y se puede ser constructivos. Yo apelo a que si* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo— a que sigan en esa línea. Ser constructivos siempre suma y para muestra un botón: hoy comienza un festival como Morriña Fest, del cual todos nos podemos sentir orgullosos, fruto de la colaboración institucional. Qué mejor que cooperar pensando en el interés general de la ciudad. Ahí es donde nos debemos encontrar todos juntos, no digo en el festival, que cada uno hará lo que quiera, sino que nos debemos encontrar trabajando conjuntamente por la ciudad.*

*Nada más y muchas gracias.*

***<u>Presidencia</u>***

*Gracias señor Lage.*

Remata aquí o debate deste único asunto da orde do día e a continuación procederemos á votación.

Como saben, se require maioría absoluta legal para a súa aprobación. O texto que se vota é coa emenda técnica recollida xa no propio documento que teñen á súa disposición. Así que comezamos a votación.

**Votación do asunto número dous**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (8 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

**Presidencia**

Moitas grazas queda aprobado.

**Acordo**

Primeiro**.-** Aprobar inicialmente o regulamento orgánico que recolle as normas de constitución e funcionamento do Consello Municipal da Cultura da

*Finaliza aquí el debate de este único asunto del orden del día y a continuación procederemos a la votación.*

*Como saben, se requiere mayoría absoluta legal para su aprobación. El texto que se vota es con la enmienda técnica recogida ya en el propio documento que tienen a su disposición. Así que comenzamos la votación.*

***Votación del asunto número dos***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdG-PSOE) (9 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (8 abstenciones).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).*

*Vota a favor la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

***Presidencia***

*Muchas gracias queda aprobado.*

***Acuerdo***

*Primero.- Aprobar inicialmente el reglamento orgánico que recoge las normas de constitución y funcionamiento del Consejo Municipal de la Cultura de la*

cidade da Coruña, de acordo co procedemento legalmente establecido.

As normas, que se achegan a este acordo como Anexo formando parte del, están compostas por unha exposición de motivos e un total de 24 artigos repartidos entre un título preliminar e cinco títulos numerados, dúas disposicións adicionais e unha disposición final.

Segundo.- Facultar á Alcaldía para a realización de cantos actos e trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

*ciudad de A Coruña, de acuerdo con el procedimiento legalmente establecido.*

*Las normas, que se adjuntan a este acuerdo como Anexo formando parte de él, están compuestas por una exposición de motivos y un total de 24 artículos repartidos entre un título preliminar y cinco títulos numerados, dos disposiciones adicionales y una disposición final.*

*Segundo.- Facultar a la Alcaldía para la realización de cantos actos y trámites o gestiones sean procedentes para el buen fin de los acuerdos adoptados.*

**ANEXO**

**REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONSELLO MUNICIPAL DA CULTURA DA CIDADE DA CORUÑA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello da Coruña ten como finalidade fomentar a maior participación posible da cidadanía na vida política, social, económica, cultural e deportiva, xa sexa por si mesma ou por medio de representantes. O dereito á participación está recollido na Constitución Española de 1978.

A cidadanía debe poder comunicarlles directamente aos seus gobernantes cales son as súas necesidades e inquedanzas. Só desta forma se conseguirá satisfacer as necesidades xerais. É imprescindible que as persoas poidan formar parte do proceso de toma de decisións.

No caso concreto dos municipios, o dereito de participación é máis factible por tratarse dunha administración cunha relación máis próxima á cidadanía.

Os coruñeses e coruñesas deben poder participar da xestión municipal, de tal forma que poidan axudar a construír o futuro da súa cidade. Para isto, a participación debe ser transversal e afectar ao maior número posible de políticas públicas levadas a cabo polo Goberno municipal. Neste sentido pronúnciase o artigo 2 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM).

O dereito á participación pódese facer efectivo a través de varios mecanismos. Un deles é a creación de consellos de participación cidadá de carácter sectorial ligados a servizos ou actividades concretas.

A principal ferramenta utilizada polo Concello da Coruña para lograr a participación da cidadanía nas decisións políticas do municipio foi a aprobación dun Regulamento Orgánico de Participación Cidadá, aprobado polo Pleno o 2 de novembro de 2004 (BOP do 13.12.2004). Este regulamento ten por obxectivo establecer os procedementos e órganos que fagan efectiva a participación dos veciños e veciñas da Coruña na vida pública local.

Con base nese regulamento, ao longo do tempo, o Concello da Coruña creou diferentes órganos de participación da cidadanía.

Preténdese agora avanzar mais aló, coa posta en marcha deste tipo de órganos, mediante a creación dun Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña que lles dará voz ás persoas que se encontran dentro do tecido cultural da cidade.

O Consello Municipal da Cultura (CMC) créase como un órgano colexiado de participación cidadá sectorial no ámbito cultural e con carácter consultivo. Está concibido como un espazo para asesorar, informar, debater, estudar, propoñer e traballar en rede, e ten como obxectivo achegarlles as políticas culturais municipais ás entidades culturais da cidade, colectivos, veciñanza, institucións e demais persoas ou organismos que se vexan afectadas dalgunha forma polas políticas públicas culturais.

O Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña é un órgano de participación do tecido cultural coruñés que pretende servir de espazo de encontro, relación e consenso sectorial. Canaliza a implicación de todos os seus membros e coñece as súas demandas e intereses, co fin de lograr a universalización do dereito da cidadanía ao acceso á Cultura e as instalacións culturais xestionadas polo Concello da Coruña.

Coa creación deste Consello, preténdese situar a Cultura como eixe transversal e vertebrador da sociedade.

É preciso que as Administracións Públicas centren os seus esforzos no apoio á creación e á produción propias, na formación e participación de todos os axentes produtores e receptores e no intercambio con outras realidades culturais.

Co Consello Municipal da Cultura, preténdese afondar na xestión democrática, participativa, activa e creativa dos programas culturais desenvolvidos polo Concello da Coruña.

Trátase de impulsar unha Cultura na que a veciñanza da Coruña se poida recoñecer, ao tempo que olla cara a diversidade de pobos, nacións e linguas do mundo, de xeito aberto e cun carácter de universalidade.

Coa creación do Consello, ábrense novas canles que vinculan a Cultura coa sociedade do coñecemento e dáselle un maior protagonismo á cidadanía, emisora maioritaria dos contidos e mensaxes culturais.

O Consello Municipal da Cultural reflicte na súa composición a pluralidade de axentes que interveñen na política cultural municipal e permite o diálogo e cooperación entre cada unha das partes.

## TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto das normas

Estas normas teñen por obxecto regular a creación, composición e funcionamento do Consello Municipal da Cultura da cidade da Coruña.

O Consello créase ao abeiro do establecido no artigo 3 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello da Coruña, aprobado polo Pleno o día 2 de novembro de 2004 (BOP da Coruña do 13.12.2004).

**TÍTULO PRIMEIRO.- O CONSELLO MUNICIPAL DA CULTURA**

Artigo 2. Natureza xurídica

O Consello Municipal da Cultura (CMC) é un órgano consultivo e de seguimento, sen personalidade xurídica propia, colexiado, de participación cidadá sectorial no ámbito da Cultura.

O CMC permite a participación do tecido cultural da cidade da Coruña nas políticas públicas municipais que se adopten polo Concello da Coruña en materia de Cultura, Bibliotecas e Museos Científicos.

Os ditames e informes emitidos na sede deste órgano servirán de impulso na toma de decisións do Goberno municipal en materia de políticas públicas culturais.

Artigo 3. Obxectivos e finalidades do Consello Municipal da Cultura

O Consello Municipal da Cultura serve de canle de participación das persoas e entidades que teñen algún tipo de interese na vida cultural da cidade da Coruña, xa sexa na pública ou na privada.

O Consello canaliza as propostas e inquedanzas en materia cultural e achégallas ao Concello da Coruña a través da concellaría ou, no seu caso, da Área de Cultura.

O Consello asesora ao Goberno municipal en materia cultural sempre e cando se lle solicite expresamente a elaboración dun ditame sobre algunha materia en concreto.

Deste xeito, o Consello contribúe a trasladar a opinión do tecido cultural da cidade co fin de mellorar a xestión cultural e xerar debates e coñecemento sobre a Cultura na cidade.

O CMC, na súa organización e funcionamento, atende sempre os seguintes valores:

a. A igualdade das persoas e a aplicación do axeitado tratamento de xénero.
b. A defensa da transparencia, información e bo goberno das entidades culturais.
c. A aposta por unha Cultura transversal e vertebradora da sociedade.
d. O apoio á creación e produción propias, á formación e participación de todos os axentes produtores e receptores e ao intercambio con outras realidades culturais.
e. A pretensión de afondar na xestión democrática, participativa, activa e creativa dos programas culturais municipais.
f. O carácter de universalidade da Cultura, integradora da diversidade de pobos, nacións e linguas do mundo.

O CMC terá como finalidades:

a) Elaborar ditames sobre aqueles asuntos que sexan sometidos á súa consideración. Os seus ditames terán carácter consultivo e, polo tanto, non serán vinculantes para a corporación municipal. Non obstante, si se terán en conta á hora da toma de decisións, tendo polo tanto o Consello un carácter non só consultivo senón de impulso das políticas públicas municipais.
b) Emitir informes, a iniciativa propia ou do Concello da Coruña, en relación coa política cultural municipal.
c) Participar na avaliación daqueles programas e planos de actuación nos que interveña, a nivel de proposición ou de seguimento, o propio Consello.

d) Promover a participación cidadá a través das entidades culturais da cidade, canalizando as demandas do sector.
e) Contribuír a fomentar a vida asociativa no ámbito cultural.

f) Colaborar coa concellaría ou, no seu caso, coa Área de Cultura, de Museos Científicos e Bibliotecas, cando así se lle solicite, como instrumento de planificación estratéxica da cultura na cidade.

g) Realizar propostas que contribúan a mellorar os servizos culturais municipais.

h) Analizar, debater e valorar as iniciativas que sometan á súa consideración.

i) Propoñer plans de actuación municipal propios do seu ámbito de actuación para sometelos á consideración da concellaría ou, no seu caso, da Área de Cultura, de Museos Científicos e Bibliotecas.

j) Realizar as consultas que considere oportunas relativas á actividade cultural da cidade, así como someter ao Pleno do Consello aquelas consultas que lle solicite expresamente a concellaría ou, no seu caso, a Área de Cultura, de Museos Científicos e Bibliotecas.

k) Propoñer os ámbitos, seccións, franxas de idade e territorios nos que se considera prioritaria a intervención municipal en materia de cultura.

l) Propoñer mecanismos de coordinación entre todos os axentes que conflúen na vida cultural co sector educativo da cidade.

m) Contribuír á transparencia das políticas públicas municipais a nivel cultural.

n) As demais finalidades que lle encomende o Concello da Coruña e que teñan que ver coa natureza xurídica do propio Consello.

Artigo 4. Composición do Consello Municipal da Cultura

O Consello Municipal da Cultura está composto por:

Presidencia: está presidido pola persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña, que poderá delegar as súas funcións.

Vicepresidencia: estará formada por unha persoa que forme parte do Pleno do Consello Municipal da Cultura, elixida por este.

Vogais:
- Unha concelleira ou concelleiro en representación de cada un dos grupos municipais presentes no Pleno do Concello da Coruña.
- O director ou directora da área do Concello da Coruña que teña asignadas as competencias en materia de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas.
- Un membro do Consello Reitor do Instituto Municipal Coruña Espectáculos, nomeado pola Presidencia.

- Unha persoa representante do Consorcio de Turismo e Congresos da cidade da Coruña.
- Unha persoa representante do Consorcio de Promoción da Música da cidade da Coruña.
- Unha persoa representante da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

- Unha persoa representante da Universidade da Coruña.
- Unha persoa representante da Deputación da Coruña.
- Unha persoa representante da Fundación EMALCSA.

- Representantes das fundacións e das asociacións culturais actuantes na cidade da Coruña, en especial, das asociacións de artistas e creadores, das artes escénicas (teatro, danza, ópera, circo, monicreques, festivais, encontros); das artes plásticas e visuais (pintura, escultura, ilustración, gravados, belas artes en xeral, pero tamén fotografía, arte dixital, performance ou vídeo instalacións); do sector audiovisual e multimedia; do patrimonio cultural; de arquivos e bibliotecas; de libros e prensa (edición, distribución e artes gráficas, etc.); da música e industria fonográfica, así como de calquera outro sector relacionado coa actividade cultural, que teñan a súa veciñanza ou actuación na Coruña e posúan personalidade.

A inscrición no CMC realizarase por petición expresa das entidades interesadas acreditando tanto a veciñanza na Coruña como o feito de estar legalmente constituídas.

- As demais persoas que decida convidar a persoa titular da Alcaldía para que formen parte do Consello Municipal da Cultura.

O Consello contará ademais cunha Secretaría. A Secretaría exercerase por unha persoa funcionaria do Servizo Municipal de Cultura, do Servizo Municipal de Bibliotecas ou do Servizo Municipal de Museos Científicos. A persoa secretaria terá voz pero non voto

As persoas que forman parte do CMC, no exercicio das súas funcións, actuarán con plena autonomía e independencia.

As entidades que formen parte do Consello designarán as persoas que as representen, así como as persoas que deban suplilas en caso de ausencia, vacante, enfermidade ou por outra causa xustificada.

As asistencias ao Consello Municipal da Cultura, así como a calquera dos seus órganos, non darán dereito a percibir ningún tipo de retribución ou dieta e faranse con carácter totalmente altruísta.

Artigo 5. Constitución do Consello

Para constituír o CMC, a persoa titular da Alcaldía enviaralle unha invitación a cada unha das entidades que poden formar parte do mesmo co fin de que comuniquen, se así o consideran oportuno, que persoa terá a condición de vogal durante o período de vixencia do CMC, así como a súa suplente.

A Secretaría do CMC comprobará que as persoas cumpren cos requisitos necesarios para ostentar a condición de vogal, e daralle traslado á Comisión Permanente e, se non houber, á Presidencia.

Logo de recibir todas as aceptacións para formar parte do CMC, a Secretaría elaborará unha listaxe coas persoas que forman parte do dito Consello, tanto as titulares como as suplentes.

Dentro do prazo de dous meses desde que entren en vigor estas normas específicas de funcionamento do CMC, unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, realizarase a sesión plenaria constitutiva do Consello.

Artigo 6. Órganos de funcionamento do Consello Municipal da Cultura

Para o seu funcionamento, o CMC estará formado polos seguintes órganos:

a) Presidencia
b) Vicepresidencia
c) Pleno
d) Comisión Permanente
e) Comisións específicas ou grupos de traballo
f) Secretaría

## TÍTULO SEGUNDO.- A PRESIDENCIA E A VICEPRESIDENCIA

Artigo 7. A Presidencia do Consello Municipal da Cultura

A Presidencia correspóndelle á persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña. A Presidencia poderá delegar as súas funcións.
A Presidencia, asistida pola Secretaría, dirixe o CMC e asume a súa representación.

Correspóndelle á Presidencia convocar as sesións, fixar a orde do día e presidir as sesións do Pleno e da Comisión Permanente.

Tamén lle corresponde á Presidencia:

a. Dirimir os debates co voto de calidade.
b. A representación do Consello Municipal da Cultura.
c. Visar as actas e comunicar os acordos ou ditames, así como ordenar a súa publicación na páxina web de Cultura.
d. Realizar as xestións e tarefas necesarias para o bo desenvolvemento e funcionamento do Consello.
e. Resolver, logo de oír a Comisión Permanente, as dúbidas que se suscitaren sobre a aplicación das presentes normas específicas de funcionamento do Consello.
f. Garantir a participación cidadá.
g. Promover a coordinación entre o CMC e o Goberno Municipal e os órganos de xestión do Concello, co obxectivo de intercambiar información e, se se estimar necesario, propor medidas de actuación conxuntas.
h. Velar por que se cumpran os obxectivos propios do Consello e que se adecúen as súas actuacións á normativa vixente.
i. Por proposta do Pleno ou da Comisión Permanente, convidar a participar as persoas titulares doutras concellarías, ao persoal técnico, as institucións ou entidades expertas nun tema concreto que foren obxecto de estudo ou cuxa opinión se quixer consultar.
j. Solicitar a información e documentación complementaria necesaria sobre os asuntos tratados na orde do día, así como a asistencia técnica municipal ou de carácter externo que considere necesaria e oportuna para garantir o bo funcionamento do Consello.
k. Desempeñar cantas funcións foren inherentes á súa condición de presidenta ou presidente.
l. No seu caso, designar a persoas de recoñecido prestixio do sector cultural para formar parte das comisións específicas ou grupos de traballo, sen que sexa preciso que estas persoas formen parte do Pleno do Consello.

Artigo 8. A Vicepresidencia

O Consello Municipal da Cultura terá unha Vicepresidencia.

A Vicepresidencia será elixida polo Pleno do Consello Municipal da Cultura de entre as persoas que o integran.

O nomeamento e a destitución da Vicepresidencia, ao longo da vixencia do CMC, deberá ser debidamente motivado.

A Vicepresidencia encargarase de colaborar coa Presidencia no desenvolvemento das funcións que ten asignadas.

A Vicepresidencia, ademais, servirá de canle de comunicación entre a comunidade cultural coruñesa e o Concello da Coruña.

## TÍTULO TERCEIRO.- O PLENO

Artigo 9. Composición

O Pleno é o órgano máximo do Consello Municipal da Cultura. Integran o Pleno do CMC:

1. A persoa titular da Presidencia.
2. A Vicepresidencia.
3. A Secretaría.
4. As e os vogais sinalados no artigo 4.

Incentivarase que haxa unha representación paritaria de homes e mulleres no Pleno do CMC.

Como convidados pola Presidencia, ou solicitadas por maioría do Pleno ou da Comisión Permanente, poderán participar nas sesións, con voz pero sen voto, persoal técnico municipal ou persoas asesoras que desempeñen as súas funcións na Concellaría, ou, no seu caso, na Área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas. Poderá participar, así mesmo, persoal funcionario de calquera outra área, sempre cando se considerara oportuno, para os temas que se van tratar nas sesións do Pleno. Estas persoas terán voz pero non voto.

Poderá asistir ao Pleno calquera outra persoa ou entidade que sexa invitada pola persoa titular da Alcaldía cando o estime conveniente por tratarse de persoas ou entidades con coñecemento ou recoñecido prestixio sobre unha materia que vaia ser obxecto de debate e análise. Estas persoas terán voz pero non voto.

Artigo 10. Funcións

No Pleno debateranse os problemas, proxectos, e demais cuestións de interese para o desenvolvemento da xestión cultural municipal, que lle sexan sometidos a consulta por parte da concellaría ou, no seu caso, da Área de Cultura.
Supón, polo tanto, unha canle de achega de propostas e suxestións que recollerá a Comisión Permanente do Consello Municipal da Cultura para a súa análise de viabilidade e presentación

á concellaría ou, no seu caso, a Área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas do Concello da Coruña.

Correspóndenlle ao Pleno as funcións seguintes:

a) Elixir á Vicepresidencia do Consello.
b) Informar e asesorar á concellaría ou, no seu caso, á Área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas en relación aos temas da súa competencia, xa sexa de oficio ou a petición da Alcaldía, da concellaría ou, no seu caso, da Área.
c) Propoñer ao Goberno municipal a realización de programas, campañas e actividades culturais de interese municipal.
d) Elixir ás persoas que forman parte da Comisión permanente.
e) No seu caso, designar a persoas de recoñecido prestixio do sector cultural para formar parte das comisións específicas ou grupos de traballo, sen que sexa preciso que estas persoas formen parte do Pleno do Consello.
f) Calquera outra función que lle sexa asignada polo Concello da Coruña en materia consultiva ou de participación e que teña que ver co ámbito cultural.

Artigo 11. Clases de sesións

a) Ordinarias: unha vez ao ano. No primeiro Pleno de constitución do CMC establecerase o mes no que quedará marcado no calendario a sesión ordinaria anual.

b) Extraordinarias: serán convocadas pola Presidencia, xa sexa a iniciativa propia ou porque lle sexa solicitado pola Comisión Permanente.

Artigo 12. Orde do día e convocatoria das sesións

A convocatoria das sesións ordinarias ou extraordinarias coa correspondente orde do día, e xunto coa documentación correspondente relativa aos asuntos que se van tratar, deberá comunicárselle ás persoas integrantes do Pleno cunha antelación mínima de quince (15) días hábiles, agás que se trate de sesións extraordinarias que se comunicarán cunha antelación de cando menos 48 horas.

As convocatorias cursaranse preferentemente mediante correo electrónico ou outro medio electrónico aos enderezos que cada persoa membro do Pleno declarase como indicados para recibir comunicacións. No caso de que non fose posible, cursaranse conforme á normativa en vigor sobre procedemento administrativo.

A documentación correspondente a cada sesión deberá achegarse xunto coa orde do día, e poderá estar dispoñible na páxina en liña municipal, debendo estar garantido o acceso aos membros do Consello e a súa seguridade.

As e os vogais do CMC poderán remitirlle á Secretaría propostas de asuntos para que sexan incluídos na orde do día, que os enviará á Presidencia para que dea a súa conformidade. A Comisión Permanente tamén poderá propoñer asuntos para incluír na orde do día.

Non se aceptarán asuntos para incluír na orde do día se non se presenten cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que deba celebrarse o Pleno.

Artigo 13. Quórum

Entenderase validamente constituído o Pleno cando estean presentes, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos integrantes. No caso de que non se alcance ese quórum, entenderase validamente constituído en segunda convocatoria, media hora despois, coas persoas asistentes.

En todo caso, para que estea validamente constituído, e para os efectos de teren lugar as sesións, as deliberacións e adoptárense os acordos, requirirase a presenza da Presidencia ou da persoa na que delegue, da Vicepresidencia e da Secretaría.

Artigo 14. Asuntos non incluídos na orde do día

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos da sesión, a Presidencia, por iniciativa propia ou por petición de calquera das persoas vogais, poderá someter a votación que se inclúa na orde do día calquera outro asunto de carácter urxente. A súa inclusión decidirase por maioría absoluta das persoas presentes do Pleno que teñan voto.

Artigo 15. Desenvolvemento do debate

No desenvolvemento das sesións procurarase crear as condicións para que poidan estar presentes todos os puntos de vista e existiren condicións para expresarse todas as opinións e propostas. O obxectivo non será sempre lograr o consenso pero si deberán buscarse amplos acordos, expresións e propostas elaboradas de forma colectiva que inclúan, se as houber, as diversas opinións.

Artigo 16. Procedemento do voto

O voto será persoal e non delegable, e exercerase pola persoa vogal titular ou pola súa suplente, se a tivera.
O voto será público e poderá ser favorable, contrario ou de abstención.
Os acordos ou propostas expresados mediante o voto adoptaranse por maioría simple das persoas presentes con dereito a voto.
No caso de que o resultado da votación sexa de empate, farase unha nova votación. Se persiste o empate decidirá o sentido do voto da Presidencia.

Artigo 17. Actas

A Secretaría redactará acta de cada sesión na que se especificarán as persoas asistentes, os principais aspectos das deliberacións e os acordos adoptados.
O borrador da acta da sesión remitiráselles ás e aos vogais do Consello, se fose posible, no prazo de 20 días que se contarán a partir daquel no que tivese lugar.
As actas aprobaranse na seguinte sesión. Con todo, a Secretaría poderá emitir unha certificación sobre acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
As actas definitivas serán públicas, publicarase na páxina en liña da concellaría con competencias en materia cultural e estarán a disposición de quen as requira.

Artigo 18. Dereitos e deberes das persoas integrantes do Pleno

As persoas integrantes do Pleno terán os seguintes dereitos:
- Realizar propostas para que sexan incluídas na orde do día.
- Participar nos debates das sesións, facer propostas e formular rogos e preguntas.
- Exercer o seu dereito ao voto e formular, no seu caso, voto particular expresando os seus motivos.
- Formar parte de calquera dos grupos de traballo que constitúa a Comisión.
- Solicitar, a través da Secretaría técnica, certificacións de acordos das sesións dos órganos do Consello.
- Desenvolver cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de integrante do Consello.

As ditas persoas terán, ademais, os seguintes deberes:
- Cumprir as normas de funcionamento do CMC e os acordos adoptados polos seus órganos de goberno.
- Non ter conductas ou realizar actividades ou manifestacións contrarias aos principios e obxectivos do CMC.
- Manter unha relación continuada coas asociacións ou entidades ás que representan sobre os temas que se vaian tratar ou que se trataron no CMC.
- Asistir, a través do seus representantes, con regularidade ás reunións que teñan lugar e procurar evitar a sucesión de persoas substitutas, xustificando a falta de asistencia previamente.
- Comunicar calquera cambio nos datos e dirección de contacto.
- Absterse cando os asuntos que se traten afecten a intereses particulares da entidade.
- Gardar a confidencialidade precisa cando a natureza do asunto o requira.

## TÍTULO CUARTO.- A COMISIÓN PERMANENTE E OS GRUPOS DE TRABALLO
## CAPÍTULO I.- A COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 19. Composición

A Comisión Permanente é o órgano encargado da xestión ordinaria do CMC e de asumir a súa dirección cando o Pleno non estea reunido.
Estará integrada por:
1. A Presidencia ou persoa na que delegue.
2. A Vicepresidencia.
3. A Secretaría do CMC, con voz pero sen voto.
4. A persoa titular da concellería ou da dirección de área de Cultura, Museos Científicos e Bibliotecas.
5. Ata un máximo de 7 vogais que serán elixidos polo Pleno do propio Consello por proposta de calquera dos seus vogais e de entre os seus membros.

A Presidencia poderá convidar a asistir ás sesións da Comisión Permanente a:
- Persoal técnico do Servizo Municipal de Cultura, ou doutro servizo cando a materia a tratar sexa competencia da súa área.
- Persoal eventual que preste servizos no Concello da Coruña, no exercicio das súas funcións de asesoramento especial.

Artigo 20. Funcións

A Comisión Permanente é o órgano colexiado encargado de velar polo bo funcionamento do CMC. As súas funcións principais son:

a) Presentarlle ao Pleno para que sexan aprobados a proposta de programa e o calendario anual de actividades e a memoria de actividade ou o resumo das súas actas ao final de cada exercicio.
b) Solicitar a inclusión de puntos a tratar na orde do día de cada sesión plenaria do CMC.
c) Propoñer a realización de grupos de traballo.
d) Informar ao Pleno dos acordos adoptados pola Comisión permanente ou polos grupos de traballo.
e) Realizar a comunicación bidireccional entre o Pleno e os grupos de traballo.
f) Solicitar a convocatoria de sesións plenarias extraordinarias.
g) Emitir os informes que lle solicite o Pleno do CMC e propoñerlle a este cantas medidas e resolucións estime convenientes.
h) Estudar e tramitar con carácter excepcional todas aquelas cuestións que, pola súa urxencia, non poidan esperar ao seguinte Pleno, no que se deberá dar conta do actuado.
i) Comunicarlle á concellaría ou, no seu caso, á Área de Cultura as demandas, suxestións, reclamacións e demais asuntos que sexan presentados por entidades ou persoas do ámbito cultural da cidade.
j) Todas aquelas funcións que lle atribúa o Pleno do CMC ou que non estean expresamente atribuídas a outro órgano do Consello.

Artigo 21. Funcionamento

A Comisión Permanente convocarase pola Presidencia, que será quen determine a orde do día dos asuntos que se deben tratar nela.
A Comisión Permanente quedará validamente constituída cando concorra a Presidencia ou a persoa na que delegue, e a Secretaría e cando menos a metade dos seus integrantes en primeira convocatoria. En segunda convocatoria, media hora despois, entenderase validamente constituída coas persoas asistentes.

A Presidencia, por iniciativa propia ou a proposta dalgúns dos seus membros, poderán convidar a participar nas xuntanzas outras persoas ou entidades relacionadas co tema que se vai tratar na Comisión.

As sesións da Comisión Permanente serán:

a) Ordinarias: tres veces no ano.
b) Extraordinarias: cando así o decida a Presidencia, por iniciativa propia ou a solicitude da metade dos seus integrantes.

As convocatorias para as sesións ordinarias realizaranse cunha antelación de dez (10) días hábiles. As sesións extraordinarias convocaranse con dous (2) días hábiles de antelación.

Os acordos adoptaranse por maioría simple, aínda que se procurará o consenso. En caso de empate decidirá o sentido do voto da Presidencia.

## CAPÍTULO II.- AS COMISIÓNS ESPECÍFICAS OU GRUPOS DE TRABALLO

Artigo 22. Comisións específicas ou grupos de traballo

As comisións específicas ou grupos de traballo son órganos do CMC para estudar e traballar sobre asuntos concretos, que teñen como función elaborar informes e propostas e realizar aquelas actividades que se consideren convenientes para os fins asignados en materia cultural.

Serán constituídos pola Comisión Permanente entre asuntos que xurdan das deliberacións do Pleno ou da propia Comisión. Tamén se poderán crear comisións específicas ou grupos de traballo por petición expresa da Presidencia.

As comisións específicas ou grupos de traballo estarán integradas por vogais do CMC. De entre eses vogais designarase unha Presidencia e unha secretaría.

Poderán formar parte das comisións específicas ou grupos de traballo, ademais das designadas de acordo co parágrafo anterior, outras persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural que sexan designadas expresamente pola Presidencia ou polo Pleno do Consello.

Cando a Comisión Permanente o considere necesario, formarán parte dela tamén a Presidencia e a Secretaría do CMC.

O número de persoa que deben formar parte dun grupo de traballo non poderá ser inferior a cinco nin superior a dez, incluídas as persoas que exercen de Presidencia e Secretaría.

En todas as comisións específicas ou grupos de traballo poderá participar unha persoa funcionaria do Concello da Coruña que se nomee pola persoa titular da Alcaldía ou pola persoa titular da concellaría con competencias en materia cultural.

Tanto a persoa titular da concellaría con competencias en materia cultural como quen sexa titular da dirección da mesma área, poderán asistir aos grupos de traballo que así o desexen, tendo voz e voto nos ditos grupos.

Para a constitución dun grupo de traballo, deberá asistir a maioría absoluta das persoas que forman parte do mesmo en primeira convocatoria. De non alcanzar ese quórum, a sesión quedará aprazada. En todo caso, deberán asistir as persoas nomeadas como Presidencia e Secretaría.

Os acordos que deba adoptar cada comisión específica ou grupo de traballo para a súa elevación posterior á Comisión permanente ou ao Pleno deben ser aprobados por maioría simple. En caso de empate na votación decidirá o sentido do voto da Presidencia.

## TÍTULO QUINTO.- A SECRETARÍA E OUTROS ÓRGANOS DE APOIO

Artigo 23. A Secretaría

A Secretaría do Consello Municipal da Cultura, así como dos diferentes órganos de funcionamento, exercerase por unha persoa funcionaria do Servizo Municipal de Cultura, do Servizo Municipal de Bibliotecas ou do Servizo Municipal de Museos Científicos. A persoa secretaria terá voz pero non voto.

No caso da creación de comisións específicas ou grupos de traballo non será necesario que asista a Secretaría do CMC, salvo que así o decida expresamente a Presidencia do CMC.

A persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña nomeará a persoa que deberá exercer esas funcións, así como a dúas persoas suplentes para o caso de ausencia ou enfermidade.

Poderase nomear a unha persoa distinta para cada órgano de funcionamento do Consello.
Correspóndelle á Secretaría:

a) Cursar as convocatorias das sesións nos prazos establecidos, segundo a orde do día que determine a Presidencia.
b) Preparar a documentación que sexa precisa para abordar os asuntos e contidos das xuntanzas convocadas.
c) Levantar acta das xuntanzas e comunicar os ditames e peticións que se adopten.

Artigo 24. Outros órganos de apoio ou asesoramento

A Presidencia poderá nomear de entre as persoas funcionarias do Concello da Coruña, outros órganos de apoio ou asesoramento, xurídico ou económico, que poderán formar parte dos diferentes órganos de funcionamento do Consello con voz pero sen voto, sempre e cando os temas que se vaian tratar en calquera deses órganos requiran dun asesoramento específico.

**DIPOSICIÓNS ADICIONAIS**

Primeira.- Unha vez coñecido o número real de persoas que forman parte do Consello Municipal da Cultura, e logo de cursar as oportunas invitacións, poderanse revisar as normas de funcionamento do dito órgano mediante decreto da persoa titular da Alcaldía co fin de adecualas á realidade da composición do CMC.

Segunda.- Naquilo que non se atope recollido nestas normas, o funcionamento do Consello Municipal da Cultura e dos seus órganos rexerase en primeiro lugar pola lexislación básica en materia de réxime local, en especial pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; así como polo Regulamento orgánico municipal. Supletoriamente, rexerase pola lexislación básica estatal en materia de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público, nomeadamente pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Estas normas entrarán en vigor cando transcorran quince días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez aprobadas polo Pleno do Concello da Coruña.

Tamén se publicarán, para coñecemento xeral, no portal de transparencia do Concello da Coruña e na páxina en liña de Cultura.

**Presidencia**

Grazas a todos e a todas.

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás doce horas e seis minutos, a Presidencia remata a sesión, e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do

***Presidencia***

*Gracias a todos y a todas.*

*No habiendo más asuntos que tratar, a las doce horas e seis minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el*

Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

*artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.*